

CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE ANOS SABÁTICOS PARA O CURSO 2015/2016

(Acordo do Consello de Goberno do 23 de xaneiro de 2015)

Obxectivo:

- O artigo 88.3 dos Estatutos establece que “para facilitar o acceso ao ano sabático do profesorado con dedicación a tempo completo, o orzamento anual da universidade fará previsión dos fondos que permitan financiar o goce deste dereito”, co fin de poder contratar, cando sexa necesario, profesorado asociado na área correspondente.
- De acordo co establecido no artigo 27 do Regulamento de Profesorado, a Universidade de Vigo pon en marcha a convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2015/2016 nos seguintes termos:

Solicitantes:

As persoas que soliciten un ano sabático deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Pertencer aos corpos docentes universitarios ou ter un contrato con vinculación permanente (PCD).
- b) Ter unha antigüidade non inferior a sete anos continuados na Universidade de Vigo, como persoal funcionario dos corpos docentes universitarios ou como PCD, con adicación a tempo completo.
- c) Non ter gozado dun ano sabático posteriormente ao curso 2008/09.

O disfrute do ano sabático non será compatible co exercicio de cargos académicos.

Formalización das solicitudes:

As solicitudes dirixiranse á Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións e irán acompañadas da seguinte documentación:

- a) Curriculum Vitae
- b) Descrición das actividades a realizar durante o período sabático, na que se xustifique a conveniencia da suspensión da actividade docente ordinaria así como o compromiso de presentación dun informe da actividade realizada.

Avaliación das solicitudes:

Para a concesión do ano sabático se terán en conta, fundamentalmente os períodos de actividade docente e investigadora avaliados positivamente, así como os períodos de xestión desempeñando cargos unipersoais. Correspóndelle á COAP a aprobación dos criterios de puntuación en cada un dos apartados.

A COAP, unha vez analizadas as solicitudes presentadas, decidirá sobre a súa concesión.

Como regra xeral, non poderá concederse máis dunha licenza por área de coñecemento.

Prazo e lugar de presentación:

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral ou auxiliares da Universidade de Vigo.

O prazo de presentación de solicitudes **finaliza o día 27 de febreiro de 2015.**

ANEXO I

CRITERIOS A UTILIZAR NA CONCESIÓN DE ANOS SABÁTICOS PARA O CURSO 2015/16.

Os criterios para puntuar as solicitudes dun ano sabático para o curso 2015/16 serían os seguintes:

- a) 2 puntos por cada sexenio contabilizado a 31/12/2014; 1 punto adicional (sumado ao acadado neste apartado) se o último ano do último período avaliado positivamente é 2008 ou posterior.
- b) 0,5 puntos por cada quinquenio contabilizado a 31/12/2014.
- c) Cargos de xestión unipersoais: só serán valorados os cargos desempeñados na Universidade de Vigo a partir do ano 2005 (inclusive) e puntuaranse seguindo o mesmo procedemento que o establecido pola ACSUG para a concesión do complemento de recoñecemento por cargos de xestión (DOG do 06/02/2014).

En caso de empate, terase en conta o feito de non ter desfrutado anteriormente dun ano sabático e a antigüidade na Universidade de Vigo como PDI con vinculación permanente e a tempo completo.